


**CONCELLO
DE VIGO**



VIGO
EN GALEGO



DOSSIER DE CONTIDOS

**ESCRITA CREATIVA
NIVEL 2 | 20 horas**

Obxectivos xerais

Dinamizar e pór en valor a lingua e a cultura galegas a través da escrita creativa, achegando á cidadanía medios e recursos sobre a lingua propia de Galicia e da cultura de noso para coñecer, formarse e promover o **uso cotián do idioma galego**.

Obxectivos específicos

- Alcanzar maiores e mellores **destrezas na lingua escrita** e, en particular, coa creación de textos literarios, cun **galego coidado e consonte** coa normativa oficial.
- Obter un maior dominio das **estruturas narrativas**, coñecer máis en profundidade a maneira de xerar distintos **tipos de conflitos** e aprender a **deseñar personaxes** que resulten atractivos e interesantes a través da escrita en lingua galega.

Número de horas totais

20 horas (distribuídas en 8 clases de 2,5 horas cada unha)

Contidos e actividades

| CONTIDOS | ACTIVIDADES |
|--|--|
| <p>Sesión 1: enfrontarse ao folio en branco e introdución á creación de personaxes</p> <p>Cando unha persoa comeza a escribir sempre se atopa cunha primeira barreira, independentemente do formato que elixa para a escritura, e é o da folia en branco. Explicarase como atopar unha idea que nos motive a escribir.</p> <p>A partir da nosa idea inicial, comezarase a creación de personaxes.</p> | <p>A través de diferentes exercicios explicaranse os diversos métodos que se poden empregar para xerar ideas, para atopar a inspiración e para romper bloqueos.</p> <p>Para crear personaxes que se afasten dos clichés debemos ter en conta varios factores que van desde o establecemento das súas dimensións, da primeira impresión que causan ou de como é a súa linguaxe non verbal. En ocasións, trátase de coñecer a historia do personaxe fóra da historia que se está contando.</p> |
| <p>Sesión 2: elección do punto de vista narrativo</p> <p>Calquera relato pode cambiar por completo se eliximos para narralo un punto de vista diferente. Non é o mesmo utilizar o pasado que o presente, a terceira persoa que a primeira ou que o narrador teña toda a información ou só algunha.</p> | <p>Exemplos de narracións desde diferentes puntos de vista, compartición de opinións ao respecto.</p> |
| <p>Sesión 3: o papel dos diálogos</p> <p>Saber dialogar é moi importante na escritura. E non só iso, tamén diferenciar cando é aconsellable incluír un diálogo, saber cando pode resultar esaxerado ou confuso, pero, sobre todo, saber diferenciar aos personaxes pola súa maneira de falar.</p> | <p>Exemplos de diálogos desde diferentes puntos de vista, os tipos de personaxes, intercambio de opinións ao respecto.</p> |
| <p>Sesión 4: o conflito narrativo (I)</p> <p>O conflito é a base de toda historia. É o que pasa, o que move aos personaxes na procura dunha meta. O que pode provocar tremendas loitas internas ou que un personaxe cruce mundos enteiros en pos dos seus obxectivos.</p> | <p>Comentar as distintas ideas de escritas e como podemos redactar a trama.</p> |

| | |
|--|---|
| <p>Sesión 5: o conflito narrativo (II)</p> <p>Os conflitos son infinitos e cada un é diferente. Con todo, hai unha serie de tipoloxías nas que se poden englobar os conflitos máis universais e que, tarde ou cedo, a todos nos afectan.</p> | <p>Revisión das escritas e explicacións de mellora.</p> |
| <p>Sesión 6: estruturas (I). A estrutura clásica grega</p> <p>Foi Aristóteles na súa "Poética" quen sentou as bases da estrutura narrativa tomando como exemplo os dramas que se representaban na súa época. Esa estrutura segue tan vixente hoxe en día como entón.</p> | <p>Explicación das estruturas clásicas nas escritas e como encaixan nas nosas escritas.</p> |
| <p>Sesión 7: estruturas (II)</p> <p>Outras estruturas variantes durante os últimos séculos.</p> | <p>Comentar entre todos/as as distintas estruturas que se poden levar a cabo.</p> |
| <p>Sesión 8: estruturas (III), novas variantes, escribir en función do final</p> <p>A escritura é unha arte en constante movemento. A innovación é parte intrínseca do proceso e todo vale en función en grao sumo importante: buscar emocións. Por iso, ás veces, convén escribir en función do final.</p> | <p>Revisión das estruturas e como modificalas.</p> |
| <p>Sesión 9: a reescritura, corrección de estilo e formato</p> <p>A reescritura forma parte esencial de todo o proceso. Un bo relato sempre debe pasar por unha fase de corrección, de formato e de pulido de estilo antes de darse por rematado.</p> | <p>Revisión final da escrita creativa de todo o alumnado.</p> |
| <p>Sesión 10: proxecto final e como presentarse a concursos literarios</p> | <p>Presentación do escrito realizado e comentar as opcións de presentarse a distintos concursos literarios con esas ou outras escritas.</p> |